

## Resumo Avaliación Programación Didáctica 2022/23

### 8. Avaliación

#### 8.1 Procedementos de avaliación inicial.

Durante as primeiras semanas do curso comprobarase o nivel de competencia inicial dos alumnos mediante a realización ben dunha proba escrita (diagnostic test) ou ben dunha oral, a criterio do profesor e dependendo do coñecemento do grupo pola súa parte. Esta proba terá como referente os obxectivos dos trimestres dos cursos anteriores. Ademais, a observación será tamén un elemento clave para esta avaliación inicial.

A análise dos resultados destas probas servirán ao profesor para establecer o punto de partida e permitiránlle integrar os obxectivos non conseguidos e os que non se impartiron para enfocar mellor as clases, insistindo máis naqueles aspectos nos que os alumnos teñan máis carencias e ofrecéndolles ferramentas e estratexias coas que poder superar as dificultades. Tamén lle permitirá adecuar mellor a metodoloxía e as actividades aos intereses e aos estilos de aprendizaxe dos alumnos.

Ademais, afacer os alumnos á existencia dunha avaliación inicial fainos máis responsables e conscientes da súa aprendizaxe anterior, e familiarízaos coa idea de “construír” novos coñecementos sobre a base previamente existente.

As familias do alumnado serán informadas dos resultados, especialmente naqueles casos nos que se vexa conveniente a realización de apoios, reforzos ou adaptacións curriculares.

Desde o Departamento de Orientación facilitarán ao profesorado a información pertinente sobre as NNEAE do alumnado de ESO/BAC xunto cos informes médicos e psicopedagóxicos para adaptar a programación á diversidade do alumnado seguindo os protocolos establecidos pola normativa vixente.

#### 8.2 Procedemento de avaliación continua. Criterios de cualificación e recuperación.

##### ESO

A avaliación da aprendizaxe en Educación Secundaria será continua e global e terá en conta o progreso do alumno no conxunto das materias do currículo. O profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de logro dos obxectivos como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente establecendo unhas rúbrica de avaliación de aprendizaxes, da labor docente e do proceso.

As actividades de avaliación poderían clasificarse en dous grupos:

1.- Avaliación durante o trimestre que conformará un 40% da cualificación do trimestre:

a.- Actividades de avaliación formativa, onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:

- Exercicios do Workbook tipo redaccións, dictados, pair work, group work,
- Tarefas ou probas relacionadas coas 4 destrezas: speaking, listening, reading and writing...
- Language summary (SB)

b.- Actividades de autoavaliación e autoestudo, nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas: O self-assessment checklist de cada unidade (Progress Check no Active Learning Kit)

2.- Actividades de avaliación formal obxectivas do final do trimestre relacionadas coas destrezas comunicativas que terán un peso dun 60% da cualificación do trimestre:

a.- Grammar and vocabulary: exercicios variados de vocabulario e gramática como utilización dos tempos verbais estudados, encher ocios, transformar oracións, tradución, responder a preguntas, facer preguntas, etc.

b.- Listening: proba sobre una audición mediante exercicios de opción múltiple, preguntas...

c.- Reading comprehension and Writing: comprobación da lectura comprensiva dun texto mediante preguntas, exercicios de opción múltiple, verdadeiro-falso, etc. e comprobación do grao de comprensión do léxico do texto. No writing exercicios de redacción de distinta tipoloxía de textos, seguindo os modelos estudados na aula

d.- Speaking: proba de comprensión e produción oral empregando varios materiais, fotos, o reader....

### **Criterio de recuperación:**

Logo de avaliar a consecución dos obxectivos da materia por trimestre, os alumnos teñen a oportunidade de realizar actividades de recuperación dos obxectivos non superados no seguinte trimestre. Deberán completar as tarefas non realizadas tanto no libro de texto como no workbook ademais de tarefas extra facilitadas ao alumnado na aula virtual do centro.

A avaliación é continua polo que establecidos os mínimos de aprendizaxe por unidades o alumnado poderá recuperar a materia no seguinte trimestre. Non haberá exame de recuperación pois ao longo dos trimestres teñen distintas probas e actividades para obter a cualificación positiva.

## **BAC**

En cada unha das tres avaliacións faranse as probas que constan a continuación. Cada unha delas terá un peso determinado na cualificación do alumnado e deberán obter un porcentaxe mínima para sumar todas as partes.

Para calcular a nota media de cada unha das avaliacións, aplicaremos a porcentaxe que se especifica a continuación para cada un dos instrumentos de avaliación. Farase un REDONDEO da nota sempre que a observación ao longo do curso sexa progresiva.

A puntuación de cada un dos exercicios das distintas probas aparecerá especificado nas mesmas.

As actividades de avaliación poderían clasificarse en dous grupos:

1.- Avaliación durante o trimestre que conformará un 30% da cualificación do trimestre:

a.- Actividades de avaliación formativa, onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:

- Tests de cada unha das unidades.
- Tarefas ou probas relacionadas coas 4 destrezas: speaking, listening, reading and writing (pronunciation, dictation, essays, pair work, group work...)
- Tarefas de lingua real na aula virtual ou no blog da profesora [www.englisharound.blogspot.com](http://www.englisharound.blogspot.com)

b.- Actividades de autoavaliación e autoestudo, nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas.

2.- Actividades de avaliación formal obxectivas do final do trimestre relacionadas coas destrezas comunicativas que terán un peso dun 70% da cualificación do trimestre:

a.- Grammar and vocabulary: exercicios variados de vocabulario e gramática como utilización dos tempos verbais estudados, encher ocios, transformar oracións, tradución, responder a preguntas, facer preguntas, etc.

b.- Listening: proba sobre una audición mediante exercicios de opción múltiple, preguntas para completar...

c.- Reading comprehension and Writing: comprobación da lectura comprensiva dun texto mediante preguntas, exercicios de opción múltiple, verdadeiro-falso, etc. e comprobación do grao de comprensión do léxico do texto. Ademais se medirá a comprensión e bo uso dos patróns acentuais, pronuncia e entoación. No writing exercicios de redacción de distinta tipoloxía de textos, seguindo os modelos estudados na aula.

d.- Speaking: proba de comprensión e produción oral empregando varios materiais, fotos, o reader....

### **Criterios de recuperación:**

Logo de avaliar a consecución dos obxectivos da materia por trimestre, os alumnos teñen a oportunidade de realizar actividades de recuperación dos obxectivos non superados no seguinte trimestre. Deberán completar as tarefas non realizadas tanto no libro de texto como no as tarefas extra facilitadas ao alumnado na aula virtual do centro ou no blog de aula.

A avaliación é contínua polo que establecidos os mínimos de aprendizaxe por unidades o alumnado poderá recuperar a materia no seguinte trimestre. Non haberá exame de recuperación.

Trala última avaliación o profesor proporcionará tarefas de ampliación para o alumnado de 1º BAC que teña superados os obxectivos da materia, e reforzo e recuperación para o alumnado que non supera os obxectivos que terán que recuperar o curso seguinte (proxecto exposición dun tema do interese do alumno, proba oral dun reader...) e na proba da avaliación extraordinaria no caso de 2º BAC.

### **CRITERIOS DE CORRECCIÓN. RÚBRICA**

Para a corrección das probas de **expresión escrita (*writing*)** valoraranse os seguintes aspectos:

- adecuación á tarefa requerida (carta, e-mail, entrada de blog, narración, ...). En caso de que adecuación sexa nula, é dicir, que a resposta do alumno non teña nada que ver coa tarefa requerida, os demais criterios non serán aplicables.
- relevancia do contido e rexistro esixido pola mesma.
- coherencia e cohesión da información e das ideas, mantendo a liña discursiva, organizándoa en parágrafos mediante o uso adecuado de conectores discursivos estudados.
- variedade e precisión da información, do léxico e das estruturas empregadas.

- corrección gramatical (estructuras verbais e nominais, dominio no uso dos tempos adecuados á tarefa), léxica e ortográfica, aínda que pode haber pequenos erros que non impidan a comprensión.

**AUSENCIA ÁS PROBAS:** As faltas de asistencia a un exame deberán sempre xustificarse con un **documento oficial:** xustificante de consulta médica, xustificante de enfermidade por parte dun médico, xustificación de exames oficiais ou outros similares. No caso de docencia telemática contemplarase o que determinen as autoridades educativas e sanitarias. En caso de cuarentena poderíase facer a proba de xeito **online por vídeo conferencia.**

Os alumnos que presenten a debida xustificación **realizarán a proba no día que se incorporen ás clases** agás que o profesorado considere máis oportuno outro momento que menos entorpeza o desenvolvemento das actividades educativas planificadas e serán eles quen se dirixan ao profesorado para xustificar a súa falta.

#### **8.4 Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes e repetidores.**

##### **ESO**

- Os alumnos que non acadaran os obxectivos da área nun curso da Secundaria Obrigatoria e teñan a materia pendente realizarán unha serie de tarefas ó longo do curso para a recuperación dos obxectivos do curso anterior. Deste procedemento se dará conta ás familias por escrito e colgarase na aula virtual do centro. A entrega e a correcta realización das tarefas, o esforzo na súa realización, o traballo na aula e a participación serán determinantes para que o profesor valore a necesidade da realización de probas trimestrais.
- No caso dos alumnos pendentes que non realicen as tarefas previstas e as do curso no que estean, e non superen unha ou as dúas avaliacións, deberán facer un exame final das partes suspensas, a realizar no mes de maio, segundo o calendario establecido pola Xefatura de Estudos. Este exame constará de tres partes: grammar e vocabulary, reading e writing.

##### **BACHARELATO**

- Durante o curso seguinte o Departamento convocará ós alumnos que suspenderan o curso anterior para facer un seguimento e aclaración dos contidos a superar en dúas probas obxectivas. Xefatura de Estudos establecerá as datas das probas. Os contidos da materia repartiranse nas dúas probas que constarán de tres partes: grammar e vocabulary, reading e writing.

- Ademais os alumnos terán unha proba final ó comezo de maio, se non acadaran resultados positivos nas dúas anteriores, segundo calendario de final de curso proposta e coordinación da Xefatura de Estudos.

### Sistema de cualificación

AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON INGLÉS PENDENTE NA E.S.O.		
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		PONDERACIÓN
AVALIACIÓN ORDINARIA	Caderno de fichas da pendente e traballo na aula no curso no que estén matriculados	60 %
	Exame*	40%
AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	Exame	100 %

\* Para aqueles alumnos que non sigan as instrucións e tarefas a desenrolar durante o trimestre

### Estrutura dos exames

A proba constará das seguintes partes, o alumnado non poderá deixar ningunha delas en branco.

PARTES	PONDERACIÓN
Grammar	15 %
Vocabulary	15 %
Reading comprehension	30 %
Writing	40 %